

Escolas filosóficas helenísticas. Cínicos, epicúreos, estoicos e escépticos.

Cínicos.

Os filósofos cínicos rexeitan as convencións sociais, as normas morais e as leis da polis (aquele que os gregos denominan *nomos*) por consideralas contrarias á natureza humana (*physis*). Critican as institucións sociais e políticas (como, por exemplo, a familia e o Estado) e determinadas manifestacións culturais (por exemplo, a relixión) polo seu carácter artificial, isto é, contrario a forma natural de ser do home. Defenden a virtude natural consistente no control das paixóns e os desexos (autodominio) e a autosuficiencia individual (*autárkeia*). Para lograr estes fins promoven o desprezo dos bens externos e a indiferenza respecto ao mundo. Antisthenes e Diogenes de Sinope predicán o anticonvencionalismo, criticando os artificios da sociedade, e fan un chamamento a unha vida sinxela tomando como exemplo os animais (de aí o nome da escola filosófica, *kynós*, can). O logro da felicidade require dunha férrea disciplina, dun ascetismo (ascesis), que pasa por suprimir os desexos superfluos e as necesidades artificiais. Para alcanzar a felicidade, precísase estar en posesión de certas calidades ou excelencias (*areté*) que son froito do esforzo (*pónos*). Aparece a figura mítico-literaria de Herakles como modelo de home virtuoso. Neste sentido, tamén rexeitan aqueles praceres que non sexan o resultado dunha tarefa esforzada e virtuosa.

Para Platón e Aristóteles, o marco existencial do home era a polis, ate o punto en que o segundo dos filósofos citados definía ao humano como animal político. Por contra, Diogenes é o primeiro filósofo en falar do ser humano como *kosmopolítes*, cidadán do mundo.

Epicúreos.

A filosofía concíbese como un saber eminentemente práctico dotado de utilidade para a vida. Por este motivo, o modelo de sabiduría ven a coincidir co arte de saber vivir, co saber vivir feliz. Dende esta perspectiva, a filosofía, o saber e o coñecemento son medios encamiñados ao logro da felicidade (*eudaimonía*). *Eudaimonía* é unha noción característica da filosofía grega e que denota un estado de plenitude ou florecemento humano.

O sabio é quen de alcanzar a *eudaimonía*, de vivir feliz, grazas ao dominio de se mesmo e dos seus desexos. A autosuficiencia do sabio (*autarkeía*) permítelle a moderación dos desexos, de tal xeito que satisfai tan só as necesidades ou desexos naturais (atende ao necesario, eliminando o superfluo).

Tomando como modelo de referencia ao sabio, Epicuro recomenda que sexamos capaces de vivir tranquilos e serenos, a pesar de que a fortuna (*Tyché*), sempre azarosa, en ocasións poida comportar serias adversidades. Para obter esa serenidade de ánimo (*ataraxía*) é necesario o coñecemento para que poidamos librarnos das supersticións acerca dos deuses ou da morte.

Platón e Aristóteles consideran que o individuo illado e afastado da cidade non sería autosuficiente nin para sobrevivir nin para vivir humanamente, senón que precisa da

polis, da comunidade política, (*koinoné politiké*) para ser virtuosos e alcanzar a *eudaimonía*. Por contra, Epicuro, na época da disolución da polis como horizonte cívico-vital do home durante a etapa helenística, concede a posibilidade dunha vida autosuficiente e plena ao individuo. Para a conquista da plenitude humana, da *eudaimonía*, é útil e necesaria a filosofía. E para os epicúreos, como para as restantes escolas filosóficas helenísticas, a filosofía está constituída por tres saberes principais: a canónica ou lóxica, teoría acerca do coñecemento e da verdade; a física ou a ciencia da natureza, e o saber máis importante, a ética.

- a) Canónica. Esta parte da filosofía ven a ser unha reflexión sobre o coñecemento humano. A canónica (ou lóxica, para os estoicos) trata de establecer un canon (*kanón*) ou criterio para determinar cando unha opinión é verdadeira ou falsa. Pois da certeza das nosas opinións e do rexeitamento das opinións vanas e falsas depende a tranquilidade da nosa alma. Para Epicuro, as sensacións que captamos por medio dos órganos dos sentidos constitúen a base do coñecemento humano. De xeito que a primeira facultade de coñecemento é a sensación (*aisthesis*). A base de todo coñecemento humano é a experiencia (*empeiría*), o conxunto de sensacións captadas polos sentidos. Pero no ser humano existen outras facultades que interveñen decisivamente no proceso de coñecemento. Mentres que o coñecemento nos restantes animais é definido como *álogos*, irracional, o ser humano está dotado de *logos*: hai unha actividade mental ordenadora da diversidade de sensacións que chegan a nós. Pero todos os razoamentos (*logoi*) dependen da sensación, xa que é a orixe do noso mundo intelectual.

As sensacións que captan os órganos dos sentidos proceden das emanacións de átomos que se desprenden dos obxectos materiais. A sensación supón unha alteración no movemento interno dos átomos vitais da alma, que se produce por contacto directo dos átomos procedentes dos obxectos cos nosos órganos sensoriais. Vexamos un exemplo relacionado co sentido da vista. No caso da percepción visual, as imaxes que temos das cousas son producidas por unha capa tenue e superficial de átomos que se separa dos corpos, penetrando nos ollos e que reproduce as particularidades do obxecto percibido. Por tanto, as sensacións son producidas sempre por contacto directo entre os átomos e os órganos dos sentidos. No traxecto dos átomos dende o obxecto emisor ate o suxeito receptor poden producirse certas desviacións debido aos obstáculos ou a distancia que alteren a calidade ou obxectividade da percepción.

As sensacións que se suceden como percepcións repetidas permanecen na memoria como imaxes (*eídola*) cando xa non están presentes os corpos. E a partir das imaxes gravadas na memoria, a nosa mente elabora os conceptos, unha idea xeral (*prolépseis*) que permite recoñecer a que se refire unha determinada sensación. *Prolépsis* implica un proceso de abstracción da mente polo cal pasamos do obxecto particular ao concepto xeral ou común. A *prolépsis* permítenos anticiparnos á experiencia, facer predicións baseándonos nas sensacións e clasificar, comparar, recoñecer os datos sensibles.

Outro tipo de coñecementos reciben o nome de *epibolé tês diánoias*: son as representacións mentais causadas polas emanacións de átomos sutiles e finos que capta a mente sen que chegaran a impresionar os nosos sentidos (por exemplo, as imaxes dos deuses).

Por medio das proxeccións imaxinativas da mente, como son a inferencia e a indución, podemos razoar incluso sobre asuntos que van máis alá dos fenómenos percibidos, se ben gardan relación con eles. Por exemplo, a partir da percepción dos corpos en movemento, podemos inferir a existencia do baleiro (pois se o espazo fose continuo e non existise o baleiro, non podería darse o movemento). Sabemos, pois, da existencia dos corpos pola experiencia e a do baleiro pola necesidade lóxica do movemento dos corpos.

En conclusión, o coñecemento humano é unha suma de sensación e pensamento, é dicir, o resultado dun movemento combinado dos átomos da mente ou da alma e dos átomos que entran en contacto con nós procedentes do exterior.

As sensacións procedentes dos sentidos externos (vista, oído, olfacto, tacto e gusto) son sempre verdadeiras, pois existen obxectos externos dos que proceden os fluxos de átomos que impresionan os órganos dos sentidos. As sensacións externas son verdadeiras, evidentes e infalibles, pero non o son necesariamente os xuízos que formulamos acerca das cousas. O xuízo é un movemento interno da alma, de aprehensión e interpretación dos datos sensíbeis. O noso xuízo pode enganarnos ao tratar de establecer certas conclusións acerca das cousas. De tal xeito que as nosas opinións poden ser falsas, posto que podemos interpretar ou describir erroneamente as sensacións. Por este motivo, necesitamos un criterio ou canon claro de evidencia (*enárgeia*) para distinguir entre as sensacións obxectivas procedentes das cousas e as sensacións subxectivas ou ilusións que non se corresponden coa realidade. Os erros e os enganados son fonte de desgraza para os humanos e proceden da opinión (*dóxa*) errónea que nace dunha mala interpretación dos datos sensíbeis. Por tanto, a verdade é moi relevante para o vivir tranquilo. A vida acougada do sabio depende da seguridade de estar no certo.

As sensacións percibidas grazas aos órganos sensoriais xogan un papel relevante, non só no coñecemento, senón que tamén cobran importancia en relación aos sentimentos e afeccións (*pâthe*) que se manifestan como pracer ou dor. Pracer e dor son o motor natural das accións. Pois por natureza, todos os seres animados, tenden a buscar o pracer e evitar a dor. Nos humanos, os sentimentos de dor e pracer son as causas das nosas aversións e eleccións, respectivamente. Así pois, os sentimentos están intimamente relacionados coas sensacións, por tanto, co movemento dos átomos do corpo: se hai perturbación sentimos dor e en ausencia de perturbación experimentamos pracer. En resume, calquera sensación dos sentidos externos ou internos do corpo vai acompañada de pracer ou dor.

b) Física. A física epicúrea é naturalista e materialista. A materia é indestrutible e eterna. Nada nace do que non existe e todo o que nace presupón a existencia de outra cousa. Nada se destrúe na nada ou no non-ser (como din os gregos). As cousas que aparentemente se destrúen, en realidade disgréganse nos seus compoñentes elementais e indestrutibles, os átomos. Epicuro recolle a teoría atomista de Leucipo e Demócrito, pero introducindo algunhas modificacións sobre as que chamaremos especialmente a atención. O cosmos é un todo eterno e infinito, sen límites de espazo e de tempo. Existen infinitos mundos diferentes como o noso. O *kósmos* está composto de unha multiplicidade de corpos. Estes corpos están constituídos por átomos, eternos, indestrutibles, invisibles e en constante transformación. Os corpos son compostos e visibles, mentres que os átomos son simples, invisibles e indivisibles. Nos corpos materiais cabe diferenciar, por un lado, entre as calidades primarias (*symbekóta*), que son fixas e permanentes; por exemplo, peso, tamaño, figura, humidade, calor. Estas calidades constitúen os caracteres esenciais que non pode perder un corpo sen deixar de ser o que é; de tal modo, que a perda destas calidades alteraría a natureza orixinaria do corpo. E, por outro lado, as calidades secundarias (*symptomata*), que son accidentais e cambiantes e poden presentarse ou desaparecer sen afectar á natureza do corpo, por exemplo, cor, olor, repouso ou movemento.

O espazo (*khóra*) é o lugar (*tópos*) susceptible de ser ocupado por un corpo. O espazo é o ilimitado receptáculo de todas as cousas, dos corpos e do baleiro. Para Demócrito, o espazo é isotrópico, nel non existen direccións privilexiadas ou preferentes, o espazo é igual en todas as direccións e sentidos. Por contra, para Epicuro o espazo é anisotrópico, existe nel unha dirección principal, a saber, a dirección de caída dos átomos. Volveremos sobre este asunto un pouco máis abaixo.

Tanto os corpos compostos como os átomos móvense no baleiro (*tó kenón*). O baleiro é o espazo que non está ocupado por un corpo e no que se moven os corpos, é infinito en extensión e imperceptible. Por tanto, o baleiro non se pode ver, nin tocar nin sentir por ningún dos nosos sentidos. Como xa se indicou anteriormente, sabemos da existencia do baleiro por dedución, como consecuencia dun razoamento a partir dos datos dos sentidos. Efectivamente, deducimos que existe o baleiro xa que os átomos móvense nel. Segundo Epicuro, neste baleiro móvense ao azar os átomos nunha traxectoria de caída perpendicular cara abaixo debido ao seu peso. Pero os átomos na súa caída non sempre describen traxectorias verticais paralelas, senón que por casualidade prodúcense leves desviacións espontáneas (*clinamen*) da liña recta perfecta. Estas traxectorias oblicuas son as que causan os choques (*antikopai*) entre os átomos. Os átomos non perden velocidade como consecuencia destes choques, pero cambian de dirección na súa traxectoria. Estes choques producen diversas aglomeracións de átomos que xeran os diferentes corpos compostos da natureza. Por tanto, segundo os epicúreos, existen tres tipos de movementos nos átomos: de caída en liña recta, de desviación da vertical perfecta e de rebote

cara atrás como consecuencia dunha colisión entre átomos. Mentres que segundo o atomista Demócrito de Abdera, no que se basea a teoría física epicúrea, só existen dous movementos nos átomos que se desprazan en todas as direccións, a saber, en liña recta e de repulsión ou rebote.

Deste xeito, xunto coa rixida necesidade que goberna os fenómenos naturais, Epicuro introduce no mundo un factor de azar ou indeterminación. Con outras palabras, os acontecementos da natureza débense, por unha parte, á causalidade ou necesidade das leis da natureza, e por outra parte, ao azar ou a casualidade. Deste xeito, Epicuro abre a posibilidade a un certo indeterminismo que fai posible a autonomía da conduta dos seres animados. Particularmente, esta desviación casual dos átomos nos humanos constitúe a base da liberdade da vontade persoal.

Para concluír esta comparación, hai que salientar o punto básico no que concordan Demócrito e Epicuro, a saber, que a realidade está configurada polos átomos e o baleiro.

A física, como ciencia da natureza (*physis*), garda unha íntima relación coa ética, xa que proporciona os coñecementos necesarios acerca dos fenómenos naturais que aportan ao humano a seguridade e a tranquilidade necesarias para evitar toda turbación e desterrar os medos. Ademais, estas teorías físicas teñen unha enorme importancia para a ética epicúrea por outro motivo que hai que destacar. Certamente, xa que hai cousas que ocorren por necesidade (*ananké*), outras por azar (*týche*) e hai outras cousas que dependen de nós, os humanos, (*tó par hemâs*), queda salvagardado un ámbito para a libre vontade do individuo.

- c) Ética. A ética epicúrea recóllese, entre outros escritos, na súa Carta a Meneceo (Menoikéus); obra na que o filósofo grego presenta á filosofía como unha medicina da alma (*phármakon tês psyches*) para curar os temores humanos. A carta a un dos seus discípulos ábrese cunha invitación a filosofar. De feito, Epicuro concibe a filosofía como unha actividade que hai que practicar e non tanto como un saber teórico ou unha disciplina académica. A filosofía ten que servir para proporcionar saúde a alma. Por este motivo non ten sentido a filosofía se non cura as enfermidades da alma, como a angustia e o medo. A filosofía trata de combater o temor á morte, aos deuses e ao destino, ademais de eliminar as ideas falsas (*doxai*) que provocan desacougo. Para lograr estas metas terapéuticas, a filosofía epicúrea baséase nunha explicación materialista e natural das cousas.

Así pois, a filosofía ten que aclarar o significado real da morte separándoa das imaxes ameazadoras de castigos e sufrimentos eternos no máis alá. A morte non é un mal que cause dor, xa que comporta unha privación da sensibilidade. Ante a morte somos insensibles, non afecta nin a vivos nin a mortos. En definitiva, non hai que preocuparse polo que haxa trala morte, porque xa non estaremos vivos. Tamén hai que suprimir o pensamento de que deixamos de existir para sempre e o sentimento de angustia pola nosa definitiva aniquilación. A filosofía ensínanos a non desexar a inmortalidade, xa que cabe a posibilidade de alcanzar

unha existencia satisfactoria e plenamente humana no marco dunha vida temporalmente finita. Tamén hai que disipar o temor aos deuses. Os deuses existen, xa que a noción da divindade está na mente de todos os homes como consecuencia de que os nosos órganos sensoriais captan as imaxes atómicas dos deuses. Pero hai que purificar esta noción das opinións vulgares. Os deuses posúen unha natureza feliz e inmortal e non experimentan trastornos nin os causan a ningún. Tampouco os conmoven nin a ira nin a benevolencia dos humanos. Os deuses nin crearon o mundo nin gobernan o universo, xa que os fenómenos da natureza teñen unhas causas naturais. Ademais, os deuses tampouco crearon aos homes nin interveñen nos asuntos humanos premiando ou castigando ás persoas. Por tanto, non existe providencia divina que rexa o acontecer do mundo natural nin a vida dos homes.

A orientación práctica da filosofía leva a que o obxectivo da ética sexa a busca do pracer (*hedoné*), principio (*arché*) e fin, no sentido de finalidade (*télos*), da existencia humana, pois conduce á felicidade. A ética epicúrea defínese como unha ética natural debido a que a natureza actúa como a guía e a norma das recomendacións morais. Certamente, o epicureísmo é unha filosofía materialista e naturalista que toma as sensacións como punto de referencia para os preceptos ou mandatos éticos. A obtención do pracer e a evitación da dor son comportamentos naturais nos animais, e tamén no animal humano. Para Platón e para Aristóteles, a natureza do ser humano defínese polo uso de razón (*logos*) e a parte especificamente humana da alma é a parte racional (*nous*). Por contra, Epicuro toma como referencia aos nenos e aos animais para dar conta da natureza humana, do que é natural en nós. Tanto os animais como os nenos posúen un impulso natural a evitar a fame, a sede e o frío. Nos animais en xeral, o comportamento natural conforme coa súa natureza implica saúde, equilibrio, supervivencia e pracer. Por contra, o comportamento antinatural supón enfermidade, desequilibrio, destrución e dor.

Os restantes animais tenden espontaneamente ao pracer e evitan a dor, pero os humanos necesitamos razoar acerca do que debemos facer. Neste sentido, o pracer indícanos se vamos pola vía dunha conduta natural, mentres que a dor sinala que vivimos de xeito contrario a nosa natureza. A dor e o pracer son sentimentos que teñen a súa base nas sensacións captadas polos nosos órganos dos sentidos e que se deben aos movementos dos átomos. A dor é unha perturbación do movemento dos átomos nas zonas sensibles do corpo e da alma. O pracer é a ausencia de perturbación e o movemento ordenado e equilibrado dos átomos do corpo e da alma. O tipo fundamental de pracer consiste na ausencia de dor, o pracer estático (*katastematiké*). Outro tipo de pracer é o cinético (*en kinései*), depende do estático e supón unha variación cualitativa de pracer. Falaremos destes praceres ao mencionar máis adiante a clasificación dos desexos. Así pois, o pracer concíbese como a ausencia de dor no corpo (*aponía*) e de turbación na alma (*ataraxía*), estar libre de pena e ansiedade. Repetimos, o pracer estático completo do corpo é a *aponía* e o pracer estático perfecto da mente é a *ataraxía*. Os praceres do corpo son os primeiros e máis básicos, posto

que o pracer corporal, a ausencia de dor, é imprescindible para o desfrute dos outros praceres. A ausencia de dores corporais é o punto de partida para a *ataraxía*. Pero, tanto os praceres como as dores mentais son máis intensos, pois afectan a todo o organismo, mentres que os praceres e as dores corporais están localizadas en partes do corpo. Ademais, os praceres da alma son maiores e máis duradeiros, xa que os momentos felices do pasado fican na nosa memoria, mentres que os praceres do corpo son breves e fugaces. Por outra parte, resulta máis fácil de soportar e de eliminar a dor do corpo que a da alma, posto que esta última permanece máis tempo na memoria.

Estivemos falando máis arriba tanto da alma como do corpo, pasemos agora a precisar axeitadamente ámbalas dúas nocións. Na concepción da alma humana (*psykhé*) apreciamos tamén a conexión entre a física, a súa explicación da natureza, e a ética epicúreas. Tanto os demais animais, como o animal humano son un composto de alma e corpo. A alma é unha substancia corpórea, un corpo (*sóma*), estendida por todo a parte carnosa do organismo (*sarx*). A carne ven a ser o corpo propiamente dito, a parte inerte que é movida, animada pola alma. A alma é un corpo sutil capaz de poñer en movemento os átomos vitais e de inducir a acción do corpo. Como outros filósofos gregos (por exemplo, Aristóteles), Epicuro identifica a alma coa vida. A alma está formada por átomos suaves, lixeiros e redondeados, semellantes aos átomos do aire ou o vento, o calor ou o lume, que fan dela unha materia sutil. A alma dota aos animais e aos humanos de vida, movemento e coñecemento. A alma humana é capaz de sentir e pensar. Pero a alma necesita do corpo para a percepción das sensacións. Por tanto, a psique non podería levar a cabo esta funcións cognitivas se non estivese contida nun organismo, pois separada do corpo a alma non sinte. E no caso dos seres humanos, as funcións intelectuais teñen tamén a súa base na percepción de sensacións. A alma posúe unha parte irracional e pasiva que recibe as sensacións e as afeccións; pero tamén ten unha parte racional e activa na que está o pensamento e a vontade, a liberdade de decisión. Esta parte consciente da alma ou mente (*diánoia*) está localizada no corazón.

Os átomos vitais da alma necesitan estar encerrados nun corpo para manterse unidos. Ao destruírse o corpo, os átomos da alma escapan e dispérsanse. Segundo os epicúreos, a alma é mortal, pois como todos os corpos naturais, acaba finalmente por desintegrarse nos seus compoñentes elementais, os átomos. Efectivamente, coa destrución do corpo, os átomos da alma acaban por dispersarse, como xa comentamos anteriormente. A morte non é máis que o proceso físico de dispersión dos átomos, polo que non debemos temer á morte, pois nada sentiremos, non experimentaremos ningunha sensación.

A parte racional da alma (*diánoia*) xoga un importante papel en relación ao pracer, poñendo límites (*péras*) aos praceres da carne (*sárx*). A virtude da prudencia (*phrónesis*) actúa como guía que nos indica que desexos debemos aceptar e cales rexeitar, xa que non todos os praceres teñen a mesma categoría. A clasificación dos desexos elaborada por Epicuro leva a conceder prioridade aos

desexos naturais e necesarios que aseguran a supervivencia do organismo e a ausencia de dor e causan pracer. Estes desexos son doados de satisfacer: calmar a fame e a sede e evitar o frío. A satisfacción dos desexos naturais e necesarios elimina as dores e molestias e produce un pracer estático. Outro tipo de desexos son os naturais e non necesarios que comportan unha variación do pracer. Este tipo de desexos non van encamiñados á eliminación da dor, senón que con eles buscamos variar cualitativamente o pracer estático mediante os praceres cinéticos. Por exemplo, comendo manxares e bebendo bebidas excelentes en troques de calmar a fame e a sede con auga e pan para evitar a dor. Segundo os epicúreos, estes praceres poden ignorarse sen que diminúa nin un só ápice a nosa felicidade. Outro tipo de desexos son os non naturais e non necesarios: son antinaturais, porque non supoñen unha reacción fronte a dor e tampouco son necesarios porque non implican unha variación ou diversificación do pracer. Segundo Epicuro, estes son os vanos desexos de riqueza, honores, gloria e éxito na vida política. A filosofía, en tanto que medicina da alma axúdanos a distinguir os praceres necesarios e moderados dos superfluos e excesivos. O sabio é sabio porque sabe vivir: leva unha vida feliz que é froito dun cálculo prudente dos praceres que evita os desexos innecesarios. A vida boa na que consiste a *eudaimonía* reside nunha existencia sinxela que se basea en contar co mínimo necesario.

Volvendo sobre a anterior referencia á política, Epicuro pensa que a intervención nos asuntos públicos é unha fonte de turbación para o sabio que pon en risco a *ataraxía*. Pero o sabio debe acatar as leis para evitar ser perseguido e conservar a súa tranquilidade. A diferenza de Aristóteles, sostén que os homes non están feitos por natureza para vivir en sociedade, que os lazos sociais non son un feito natural. Se ben tamén Aristóteles falou da amizade (*philía*), concíbea preferentemente como unha especie de axuda mutua entre os cidadáns da polis (*philía politiké*) capaz de xerar lazos de fraternidade. Ademais, Aristóteles identifica a vida feliz e plena coa vida activa do cidadán (*bíos praktikós*), isto é, coa vida política (*bíos politikós*). Por contra, Epicuro louba as vantaxes da vida privada afastada do foco público. De feito, o xardín de Epicuro, esa comuna de amigos filósofos que se mantén ao marxe da vida da cidade, representa o ideal de felicidade dos epicúreos. A amizade en tanto que sistema de relacións humanas distintas das políticas, cobra unha nova dimensión en Epicuro sendo a principal fonte de pracer. A tranquilidade presente e a seguridade futura descansan en gran medida no círculo de amizades do que nos debemos rodear. Ademais, dada a fragilidade humana, a paz da alma non pode alcanzarse en soidade. A amizade constitúe a máis segura garantía para a obtención do pracer e para alcanzar a *eudaimonía*. Ben certo, hai toda unha diversidade de bens que se derivan da amizade: protección, confianza, seguridade, benevolencia mutua, amabilidade, praceres, pensamentos, afectos e valores compartidos. Certamente, a comunicación e o encontro con outros homes e mulleres é requisito necesario para unha vida plena de pracer e goce. A amizade cobra, pois, un valor determinante como defensa contra unha sociedade corrupta,

constituíndo o círculo de amizades do que se rodea o filósofo un novo modelo de pequena comunidade baseada nos afectos e na compañía.

Desaparecida a polis como entidade política soberana, perde sentido a liberdade colectiva entendida como autodeterminación ou autogoberno dos cidadáns. No mundo helenístico só cabe a posibilidade dunha liberdade interior ou libre albedrío. Como xa dixemos anteriormente, a existencia dunha vontade indeterminada no humano ten unha base física nas desviacións azarosas e imprevisibles dos átomos, neste caso, dos átomos da alma humana. Esta desviación atómica casual é o fundamento da liberdade humana, da vida libre (*eleútheros bíos*). Por tanto, non hai que temer ao porvir, xa que non hai nin destino nin fatalidade e hai certas cousas están nas nosas mans.

Estoicos.

A sistematización e organización da filosofía en lóxica (ou canónica), física e ética é froito de Zenón de Kitión.

- a) Lóxica. A lóxica estoica é o estudo de todo o relacionado co *logos*. Na tradición filosófica grega, este termo ten dúas acepcións intimamente conectadas entre elas: pensamento e linguaxe. Por tanto, a lóxica ocúpase do pensamento, dos conceptos, *ratio*, segundo os filósofos estoicos romanos, e da linguaxe, das palabras, *oratio*, na nomenclatura dos pensadores estoicos latinos. Os estoicos defenden unha teoría empirista do coñecemento humano, posto que a orixe do noso saber acerca do mundo son as impresións sensibles recibidas polos sentidos, as sensacións (*aisthéseis*). No momento do nacemento, a mente humana é como unha folla en branco na que non hai nada escrito, na que non hai nada impreso. As cousas impresionan os sentidos producindo alteracións na mente, causando unha representación ou imaxe mental (*phantasía*) das cousas. O coñecemento ten un aspecto pasivo, a recepción dos datos sensibles por parte dos órganos dos sentidos. Pero a nosa mente é activa ao examinar os datos sensoriais. Así pois, o coñecer é un proceso que implica unha actividade da mente humana que elabora o coñecemento a partir das informacións sensibles. Digamos que a mente procesa a información do mundo exterior aportada polos sentidos. Como dixemos anteriormente, o cúmulo de sensacións que chegan ate nós transfórmanse en percepcións cando os datos sensoriais recibidos a través dos sentidos son asimilados polo entendemento formando unha representación mental ou imaxe do obxecto externo. Esta imaxe mental será correcta se representa algo existente tal e como é. Por contra, será incorrecta se representa algo inexistente ou que é de outra maneira a como o representamos. Estaremos nun erro se damos o noso asentimento a unha representación que non se corresponda coa realidade. O momento do recoñecemento ou da comprensión (*katálepsis*) prodúcese cando o entendemento da a súa conformidade coa imaxe representada. Só debemos dar o asentimento a aquelas representacións que se nos presentan con claridade e evidencia (*enérgeia*). As representacións mentais

recoñecidas (*phantasía kataleptiké*) son a base dunha verdadeira comprensión da realidade.

- b) Física: A física é a ciencia dos corpos; todo o real é corpóreo, pois tan só existen os corpos. O existente é corporeidade. E como acabamos de dicir, a física é a ciencia que estuda a realidade existente, a saber, os corpos. As únicas realidades incorpóreas son o baleiro, o lugar e o tempo. No medio do baleiro infinito atópase o universo, unha inmensa esfera maciza rodeada de lume. O Todo existente está, pois, integrado polo mundo (no que atopamos os corpos) e o baleiro (no que non hai absolutamente nada, xa que se caracteriza pola ausencia de corpos e de movemento). Observamos, polo tanto, unha diferenza apreciable entre o mundo dos epicúreos, no que existe o baleiro e unha pluralidade infinita de mundos, e o mundo dos estoicos, mundo continuo, finito e no que non hai baleiro.

Os filósofos estoicos afirman que o universo e os corpos réxense por dous principios básicos, un activo (*tò poioûn*), o lume ou Logos universal; outro, pasivo (*tò páskhon*), a materia. Examinemos estes principios elementais do universo con máis detalle. O *kósmos* é un todo ordenado que posúe un sentido racional ou lóxico que debemos descubrir para comprender o sentido profundo do mundo. A orde do universo débese a que posúe unha Razón (*Logos*), interna, inmanente e divina que todo o goberna. Este *Logos* é corpóreo, xa que é unha combinación de aire e lume, vivificador, intelixente e dinámico que impregna toda a materia cósmica. A materia é pasiva, sendo o Logos universal o elemento activo e vivificador que a anima. O lume-aire cósmico é, pois, o sopro vital (*pneuma*) que dota de vida a materia inerte. Ademais, o Logos ígneo tamén dota á materia indeterminada e amorfa dunha forma. Con outras palabras, o *pneuma* ven a ser o principio estruturador da materia. Así pois, todos os corpos son un composto de materia e lume-aire cósmico. Segundo os estoicos, os diversos elementos físicos (aire, auga, terra) son transformacións do lume, que por procesos físicos de rarefacción e condensación xera os outros elementos naturais.

Os fenómenos da natureza seguen un curso necesario, lóxico e racional, de causas e efectos. O sabio coñece e acepta esa Razón universal, adecuando a súa conduta a Providencia, Necesidade (*Ananke*) ou Destino (*Heimarméne*) que rexe os acontecementos da realidade. O ser humano ocupa un lugar privilexiado no universo, pois tamén está dotado de razón: o Logos que goberna o cosmos atópase tamén no home.

A unión do lume coa materia do universo produce a xeración de todas as cousas, pero as cousas tamén sofren corrupción. Así, a vida do universo transcorre en períodos cíclicos. Certamente, o Logos universal é un lume sempre vivo que crea e destrúe o mundo existente en períodos cíclicos. Ao final de cada ciclo prodúcese unha gran conflagración universal (*ekpýrosis*) que tamén é un tempo de purificación (*kátharsis*). O Logos, en tanto que lei cósmica inmanente ao propio universo, regula os ciclos de xeración,

destrución e restauración do mundo. Nesta conflagración universal o mundo non desaparece, senón que xurde e rexurde nun interminable eterno retorno no que se produce e se reproduce o que xa anteriormente se producira.

Ética: Como xa se dixo anteriormente, o ser humano ocupa un lugar privilexiado no universo, pois tamén está dotado de razón: o Logos universal que goberna o cosmos atópase tamén no home. Efectivamente, a alma humana é unha partícula da alma cósmica composta de lume e aire quente (*pneuma*). O Logos é común ao home e á natureza; sendo no home a capacidade de pensamento e discurso (linguaxe ou palabra) e na natureza a causa dos fenómenos físicos. Efectivamente, a alma humana é unha partícula da alma cósmica composta de lume e aire quente. Por tanto, a alma é corpórea e material, se ben composta por uns elementos (aire e lume), lixeiros e flexibles. Dixemos máis arriba, que o *kósmos* é un organismo vivinte que posúe un principio de vida, que é a alma (*psyché*), e que anima toda a materia. O *pneuma* mantén a unidade, cohesión e propiedades das cousas concretas e do universo enteiro evitando a súa disgregación. De feito, o corpo humano é un composto de terra e auga que se mantén unido e animado pola alma. Por tanto, o ser humano e os corpos tamén posúen unha alma, pero mentres que a alma do universo é indestrutible, a alma humana e a dos restantes corpos é mortal. Pero a eternidade da *psyché* cósmica e a mortalidade da alma humana non é motivo de preocupación para o sabio; a morte non é un mal, xa que non existen nin recompensas nin castigos fóra desta vida. O centro e elemento superior da alma humana, no que reside a racionalidade, denomínase *hegemonikón*. As súas funcións consisten en coordinar os impulsos, recoller os estímulos transmitidos polos sentidos e transmitir as ordes ás distintas partes do corpo. En resumidas contas, o *hegemonikón* ven a ser o principio director interno do home. Grazas ao *hegemonikón*, o home libre e moralmente responsable supera os simples impulsos animais, centrando a súa conduta en obxectivos moito máis valiosos que gardan relación coa liberdade de actuación moral. O *hegemonikón* escolle a conduta moral apropiada ao carácter racional do ser humano. En resume, a racionalidade humana, como expresión da racionalidade do universo, debe ser a guía da actuación moral da persoa. Hai que engadir que, ademais desta parte racional e dominante da alma (que uns estoicos sitúan na cabeza e outros no corazón), existen outras sete partes ou sopros especializados, a saber, os cinco sentidos, a voz e o esperma, ramificados por todo o corpo a partir da parte racional en dirección aos órganos sensitivos, fonadores e sexuais do ser humano.

Tamén no plano moral, o ben ou o bo reside na virtude, meta ou fin da actividade rexida polo *hegemonikón*. A virtude é o medio que permitirá ao ser humano alcanzar unha felicidade autárquica. Para os estoicos a virtude é unha, a saber, a prudencia ou sensatez moral (*phrónesis*). As demais virtudes (valor, temperanza ou xustiza) son manifestacións desta virtude principal. O

ideal ético dos estoicos é a imperturbabilidade da alma (*apátheia*). Esta serenidade de ánimo queda reflectida no talante racional e reflexivo do sabio. A vida libre e feliz do sabio pasa por evitar as apetencias instintivas, controlar as emocións e rexeitar as paixóns (os desexos desmesurados).

Outro precepto fundamental da ética estoica consiste en vivir en acordo razoable coa natureza (*homologoumé nos zên têi phýsei*). O actuar do home debe quedar integrado no curso do acontecer universal, conforme á natureza especificamente humana que participa do Logos universal. O sabio coñece e acepta a Razón universal, adecuando a súa conduta á Providencia, Necesidade (*Ananke*), Destino ou Fado (*Heimarméne*) que rexe os acontecementos da realidade. Este Destino ou Fatalidade determina o curso da natureza e da historia e tamén as nosas vidas e o resultado das nosas accións. Non hai azar ou casualidade, senón que existe un sentido, unha finalidade e unha orientación na natureza; o sabio vive conforme á natureza, acomodándose ao Destino e amando a Necesidade. O ben e o mal están na acción moral e dependen de nós, da nosa propia decisión. O sabio elixe correctamente os seus actos en atención á virtude sen pretender cambiar o curso dos acontecementos. Só cabe coñecer e acatar o Destino. Sabia é aquela persoa libre, autosuficiente e feliz que fica inalterable fronte as adversidades dunha fortuna esquiva, porque sabe que as cousas ocorren necesariamente como teñen que ocorrer polo ben do mundo. O vivir conforme á lei cósmica que rexe o mundo queda patente na imperturbabilidade (*apátheia*) do sabio estoico. Esta impasibilidade vai acompañada do bo ánimo (*euthymía*) e unha alegría serea. O Destino é unha lei bondadosa que ordena todo conducíndoo cara a súa perfección, beleza e harmonía. Sempre acontece o mellor que pode acontecer conforme a un plan grandioso e óptimo trazado pola Providencia. O mal do mundo só é aparente e contribúe ao mellor ben do todo. A moral estoica aspira a que o individuo sexa ordenado, autónomo e uniforme como o universo. Debemos converternos en sabios, coñecendo e aceptando a lei cósmica que goberna o mundo.

A finalidade principal da ética estoica, como a das demais escolas filosóficas helenísticas e por extensión da toda a filosofía práctica grega, é alcanzar unha vida humana plena (*eudaimonía*). Para o florecemento humano é imprescindible a adquisición da virtude. A virtude constitúe un ben (*agathà*) fronte ao vicio, que é un mal (*kakà*). O bo para o home son as virtudes do autocontrol, a xustiza e a sabedoría; o malo son as paixóns propias dos necios. Son persoas necias aquelas que inutilmente tratan de opoñerse á lei cósmica e son arrastradas pola forza do inevitable Destino. Precisamente, a fonte do malestar radica en pretender rebelarse contra o inevitable, en troques de asumilo serenamente como fai o home sabio.

A vida do sabio non transcorre só no ámbito estritamente ético, senón tamén no mundo real, cotián, na sociedade. O sabio debe saber vivir tamén nese mundo social actuando en base a certos valores que posúen unha categoría

secundaria para el. Trátase de valores relativos a un punto de vista vital, de utilidade para a vida diaria en función do que resulta vantaxoso e desvantaxoso, pero que non constitúen en se mesmos valores éticos. Así, dende unha perspectiva pragmática, son preferibles a saúde e a riqueza e rexeitables, a enfermidade e a pobreza. Pero en base á moral, o útil ou vantaxoso e o desvantaxoso resultan indiferentes (*adiáphore*). Esta especie de teoría do comportamento conveniente no ámbito público marca de xeito realista os deberes máis axeitados e os actos convenientes (*tà kathékonta*) do home xusto.

Os estoicos retoman, readaptándoo, o cosmopolitismo que xa fora anteriormente defendido polos filósofos cínicos. O sabio estoico non debe aspirar unicamente ao logro da súa propia felicidade, senón que debe axudar a que os demais homes tamén a alcancen, sen distincións de clases sociais e de fronteiras. Para o estoicismo, todos os homes son irmáns, comparten o logos humano, que ven sendo a presenza nos humanos do Logos universal. No contexto do mundo helenístico, a filosofía estende os vínculos humanos alén das murallas da polis para abrirse a un novo horizonte de solidariedade, a saber, o mundo, a cosmópolis. De feito, todas as diversas correntes da filosofía helenística posúen un acentuado carácter cosmopolita: fronte ao cidadán da polis xurde un novo ideal de cidadán do mundo. O contraste coa filosofía aristotélica resulta patente: mentres que para Aristóteles o home é un animal político (*zôón politikón*) e o ben vivir humano radica na vida práctica do cidadán (*polites*); para os estoicos, o humano é un ser social por natureza (*koinonikós phýsei*), membro dunha comunidade humana universal, isto é, cidadán do mundo (*kosmopolites*). Os estoicos defenden o ideal de fraternidade universal en base ao recoñecemento da existencia dunha muxica do lume divino en cada ser humano. Hai, pois, unha lei da natureza (*physis*) pola cal todo humano posúe unha pequena parte do lume universal intelixente e vivificador. Esta lei natural é anterior e superior a lei convencional (*nomos*) das sociedades e dos Estados que establecen as diferenzas entre amo e escravo, súbdito e rei, ou nacional e estranxeiro.

Escépticos.

A palabra *skepsis* tradúcese por crítica, exame, reflexión ou dúbida; os escépticos critican o saber afirmativo ou dogmático, examinan a fondo os nosos xuízos sobre as cousas, reflexionan detidamente sobre o observado e dubidan da veracidade de moitos dos coñecementos que supostamente temos acerca do mundo. *Skeptikós* é aquel que reflexiona e examina detalladamente o que se lle mostra. A diferenza das restantes escolas helenísticas, os escépticos non consideran que a filosofía sexa un saber sistemático de teorías lóxicas, físicas e éticas.

O problema filosófico é o do coñecemento da realidade, posto que nada pode coñecerse de verdade. A principal tese filosófica dos escépticos defende que non podemos coñecer as cousas en se mesmas (*nóumena*), xa

que nos resultan inaccesibles, e polo tanto son incognoscibles. Tan só podemos coñecer como son as cousas para nós, en tanto que meras aparencias ou fenómenos (*phainómena*). Os fenómenos son, precisamente, o que aparece ante nós, o que se nos presenta e que percibimos polos órganos dos sentidos; por tanto, os fenómenos son relativos a nós e ao noso particular aparato sensorial. Segundo os escépticos, as representacións sensoriais que temos son o resultado, por un lado, dos obxectos que as provocan e, por outro, da nosa sensibilidade ou forma de percibir. As aparencias ou os fenómenos son o único que podemos coñecer, posto que non podemos coñecer como son realmente as cousas, senón unicamente como se manifestan ante nós en función da nosa sensibilidade. Por tanto, o saber queda reducido aos fenómenos que aparecen ante nós, pero non temos coñecemento dos noúmenos, da realidade en se mesma. O coñecemento humano é fráxil e limitado, xa que só coñecemos as cousas en relación a nós, e as aparencias son frecuentemente vagas e contraditorias. En resume, os escépticos opóñense a toda afirmación dogmática que pretenda dicir como é o mundo en si, aceptando as aparencias, os fenómenos tal e como os percibimos. Non podemos saber que é o lume en si, tan só percibimos que queima e que produce un fenómeno sobre a nosa pele que é unha queimadura.

Os fenómenos son verdadeiros e reais, pero non sabemos se coinciden cos obxectos que os producen. Ante a dúbida, non se afirma e tampouco se nega que os fenómenos representen as cousas como realmente son. A dúbida escéptica comporta a ausencia de afirmación que redundará na tranquilidade de ánimo. Consecuentemente, os escépticos propoñen a suspensión do xuízo (*epokhé*) sobre como son realmente as cousas con independencia de como as percibimos. A suspensión do xuízo, a abstención de afirmar ou negar, o silencio (*aphasía*), é o primeiro paso cara a sabedoría. O absterse de enxuciar e aseverar permite a eliminación de inquiredanzas, temores e erros, e lévanos a impasibilidade, a calma e a tranquilidade (*ataraxía*), que se identifica coa felicidade.

Coherentemente co anteriormente explicado en relación a visión escéptica da realidade e o coñecemento, o escepticismo defende en asuntos valorativos ou morais que non existen ben e mal obxectivos ou naturais, senón tan só convencións humanas. Nada é bo ou malo en se mesmo. E no caso de que existise un ben e un mal obxectivos en se mesmos, serían incognoscibles para os humanos. De feito, os escépticos constatan que existen diferentes opinións e distintos argumentos en relación, por exemplo ao pracer, que se contrarrestan mutuamente, sendo considerado por uns bo, por outros malo e por outros indiferente. A pesar de que non existen verdades obxectivas e absolutas no campo ético, os escépticos ven necesario facer unha recomendación meramente utilitaria e ofrecer unha guía de conduta para a vida cotiá: debemos seguir as convencións da sociedade na que vivimos, simplemente por motivos pragmáticos, por utilidade.